

EDUCACIÓN MUSICAL

OBXECTIVOS DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Discriminar, reproducir e representar combinacións sonoras e estruturas musicais sinxelas.
- Recoñecer, identificar e utilizar graficamente os signos da linguaxe musical.
- Interpretar cancións tomando conciencia da técnica vocal (respiración, articulación, vocalización,...), da afinación e da precisión rítmica.
- Ter coñecemento óculo-tímbrico dos instrumentos de percusión de son determinado e indeterminado, así como os instrumentos da orquestra.
- Ter coordinación viso-motora dos instrumentos de percusión de son determinado e indeterminado, así como a técnica instrumental da frauta doce para a interpretación de cancións.
- Coidar e ser responsable dos instrumentos da clase e dos propios e manipularlos con corrección.